

O Pleno do Parlamento, na sesión do 12 de marzo de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

- 38857 (10/PPL-000028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de memoria histórica democrática de Galicia

BOPG nº 374, do 19.10.2018

Sometida a votación, obtense o resultado de 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 47158 (10/MOC-000130)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa

Sobre as melloras que debe implementar e impulsar a Xunta de Galicia en relación coa rede de centros de información á muller. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 44310, publicada no BOPG nº 423, do 31.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.02.2019)

BOPG nº 441, do 06.03.2019

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implementar e impulsar as seguintes melloras na Rede CIM de Galicia e que permitan garantir o servizo integral e de calidade para todas as mulleres galegas, independentemente da súa localización no territorio, mellorando a accesibilidade aos servizos:

1. Consolidación da Rede integral de CIM en todo o territorio, especialmente no rural galego, impulsando, en colaboración cos diferentes concellos, a apertura de máis centros, independentes ou mancomunados, e que permitan cubrir a totalidade do territorio galego no horizonte do ano 2020.

2. Fomento da cooperación institucional e entre os propios CIM, así como de maior cooperación interautonómica, co fin de intercambiar experiencias e crear protocolos que permitan coordinar e optimizar as actuacións en materia de violencia de xénero.

